

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO IX - Núm. 210 — 1.º Marzo 1925

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.
América, trimestre, 2 ptas.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º
A CRUÑA

LEMBRANZA

A que todol-os anos por este tempo adicamos aos nosos mortos. Aos que empregaron a súa vida nâ exaltación da personalidade galega en todol-os ordes. Este homenaxe de lembranza é a todos cantos deixaron â xeneración actual unha labor patriótica exemplar onde adeprendemos a ourentarnos n-este vizoso rexurdir galego que estase verificando.

Adoitando o pobo cruñés a rendir este homenaxe anual aos ilustres galegos que repousan no cemiterio da Cruña, Murguía, Pondal, Curros, Chané, Adalid, Salazar, Tetamancy, en eles tamén vemos nós representados outros nomes igualmente venerados e dínos de seren lembrados pol-o pobo galego n-esta recordación, cuios corpos descansan n-outras vilas galegas e algún en terras alleas.

Xá non é a primeira ves que dixemos que en todol-os pobos da Terra onde repousan galegos merexentes d' este homenaxe debíase facer no mesmo día para d' este xeito demostrar toda Galicia o seu cariño, a súa eterna lembranza aos queridos mortos e o seu amor â patriótica obra que deixaron.

Santiago por exemplo que garda as cincoas da Santa Rosalía, do Apóstol do rexurdir galaico no derradeiro século Alfredo Brañas e do paladín do froecimento actual, Porteiro ¿non debía facer anualmente éste homenaxe que a Cruña acostuma a facer? Vexa o benemérito Seminario de Estudos galegos se a idea pode ter realización lavando a culpa que indubidablemente Santiago téñ por ter así esquencidos nomes tan xurdíos como os que dixemos. E así outros pobos de Galicia.

Nunca como agora fíxose tan necesario o velar pol-as cousas propias e nada tan exemplar como a veneración constante de quenes nos marcaron o camiño a seguir n' este camiñar pol-a dignificación e prosperidade inte-

gral da Nosa Terra. E o que fan todol-os pobos conscentes do seu deber e Galicia como tal, reunindo total-as características que acreditan a súa existencia de pobo ben definido, non pode sustraerse a ésta obriga.

Lembrando e honrando aos nosos mortos, honrámonos a nós mesmos, leemos na historia da Terra e adeprendemos, ao mesmo tempo que nos saturamos de fé e entusiasmo, a cumprir co deber que o ser galegos nos impón para en todo momento velarmos pol-as súas cousas e camiñar h ista onde sexa sempre pñdo por riba o milloramento e o Santo nome da terra en que nascimos.

Que cada ún cumpra co seu deber. n' esta hora señalada e ogallá poidéramos inculcar en todol-os corazóns galegos o entusiasmo e o outimismo que fortemente latexa no noso.

Para os mortos a nosa lembranza inmorente prena de veneración e agradecimento pol-a súa obra. Para os que aínda alentan, que adeprendendo na labor dos que agora honramos ollen para o porvir co' a testa ergueita confiando n' él e na súa luminosidade co corazón a palpexar en divino e xurdo amor pol-a Terra Nai.

E como remate d' estes liñas de lembranza consagremos unha aos que con nós conviviron a irmandade da Santa Causa, nosos irmans inesquecidos Luis Porteiro, Xoán Viqueira, Ricardo Carballal, Xurxo Parga, Ignacio Rodríguez, Antón Chao, Antón Fiaño.

¡Acouguen todos eles na Santa paz da terra galega pol-a que nós seguimos traballando co mesmo entusiasmo e fé que eles o fixeron!

**Este número foi
revisado pol-a
censura militar**

UNHAS VERBAS

EN COL DA R. ACADEMIA GALEGA

Con motivo das derradeiras vacantes de académicos e as suas correspondentes propostas, algúns diarios de Galicia, e moitos amantes da cultura galega preocupáanse da marcha que leva a R. Academia Galega e coméntana, desfavorablemente por certo, e con algo de razón.

A labor da R. Academia Galega, nos tempos presentes, en que xurden á cotío novos valores no campo das letras, ten de ser unha intensa labor de selección e de afinamento d'un estudo constante e d'un traballar á reo. Mais, salvo catro ou seis figuras de positivo valer dentro da Literatura e Filoloxía galegas, e aparte a'gún que outro membro ben colocado pol-os seus profundos coñecementos arqueolóxicos ou históricos, os mais son señores que non teñen valor algú, xa non nas letras galegas que debera ser o mérito principal para figurar n-unha Academia Galega, senon nen aínda nas letras castelás. Vanidade, fachenda, é o que os levou á Academia, e fachenda tamén, se non cousas peor, é o que leva á outros que agora pretenden, con probabilidades de éxito, os postos valeiros.

O que socede na R. Academia Galega non pode continuar de tal xeito; ou modifícase d'unha vez para sempre, ou é mester considerala xa definitivamente coma cousa inútil, morada única da ostentación fachendosa de testas valeiras, da que deben de se retirare os poucos galegos de valer que aínda hai n-ela, se ben teñamos que lamentar que unha institución creada por algúns espíritus elixidos para un gran fin, sexa estragada pol-as politiquillas de camarilla, os cacicazgos, as cobizas ruís que foron desvirtuándoa e minándoa para dispoñer d'un organismo de certo relevo, ben para se poder presentar como «algo» o que «nada» é, ben para, como no caso presente, dispoñer d'unha colexividade con voto para determinados fins eleitoraes condó chegue a ocasión. A esto von algúns elementos, algúns señores, á Academia Galega. O demais, a fala e a literatura, o cultura galegas, téñenos sen coidado, se non é que as desprecian porque son incapaces, por delegados, de amalas, e por cobizosos e ruís, de as comprender e estimar.

E así dáse o tristeiro caso de que a R. Academia Galega está publicando un Dicionario que debía sere unha cousa perfecta, e vai saíndo con erros e faltas d'abondo que podían evitarse se ao Dicionario se lle adicase o estudo e traballo que tal obra merez.

Así socede que tendo un señor académico publicada unha «Gramática do Idioma Galego», hasta o d' agora a R. Academia non díxo unha verba, nen para ben nen para mal, en col d' esa Gramática, que ao noso entender debía acoller, estudar e patrocinar, ben fose tal como foi escrita, se ela o merez, ou correxindo aqueles defeitiños que poidera conter.

E como éstas, outras cousas mais podía facer, mellor dito: debía facer a R. Academia Galega; pero ¿van traballar n-este senso os señores que figuran na Academia á pesar do seu descoñecemento de canto coa sua Literatura peculiar e mais a sua fala se relaciona? ¿Serán quízaes os pretendentes que se citan para as novas vacantes? Coidamos que non.

Nós entendemos que as xentes que deben ir á Academia Galega son aqueles que se preocupan e traballan pol-o

coñecemento e progreso da nosa fala, que estudan as costumes da Terra, a sua Historia, os seus moimentos; que fan un culto da exaltación de Galicia e do seu mello ramento no orde cultural; mais de ningún xeito deberíase ademitir no séo da que debera ser a mais alta representación da xenuína intelectualidade galega á señores que se nada representan na vida española representan aínda menos na vida galega, á pesar da sua fachendosa ostentación que os infla coma grobos choqueiros de festa aldeá.

Enemigos de persoalismos, non queremos citar nomes nin combater á determinadas persoas; mais, por derradeira vez, facemos un chamamento á honradez de sentimentos dos señores académicos para que, pol-o ben de Galicia e pol-o ben da Academia, den o seu voto para cubrir as vacantes esistentes a aquelas persoas que están capacitadas para traballar de acordo cos fins da institución, non á quenes van á ela puramente por fachenda de ostentar un título que non merecen, ou por facer política onde sómente cultura débese facer.

L A R

Os probes de Deus -- L. Amado Carballo

O quinto número d' esta patriótica publicación. Entre os novos, na numerosa e escollida ringleira de rapaces que están constituíndo, a nova rexeneración de escritores galegos figura Luis Amado Carballo en lugar principal. Moi novo aínda posée xa un estilo e unha perfeición admirables.

«Os probes de Deus» é un dos millores orixinás publicados por «LAR» e dina obra da enxundiosa e brillante pruma de Amado Carballo. Está feita n-un estilo moderno sen caer na estravagancia futurista de que alardean algúns incapaces de decir nada comprensible. É unha ouservación de tipos admirablemente feita e moi real. Está escrito n-un galego escollido que avalora aínda mais o mérito da obriña.

Por todos conceptos «Os probes de Deus» merece un éxito grande e o seu autor unha felicitación que pol-a nosa parte enviámoslle con toda cordialidade.

Céltiga - Buenos Aires

Síguese publicando na capital da Arxentina ista notabre revista, que tanto honra á nosa Patria n-aquela República.

O derradeiro número recibido, trainos a boa nova de que se fixo cargo da sua Dirección o noso irman e ilustre periodista galego Manuel Lustres Rivas, que tanto leva feito por Galicia n-aquelas terras.

Nós, que queremos e admiramos a Lustres canto se merece, alegrámonos fundamente de tal desinación; porque ven a poñer de manifesto que os grandes méritos do noso amigo foron reconecidos pol-os editores de «Céltiga» e porque con tan bon patriota ao seu frente temol-a seguranza de que será mais galega e pol-o tanto mais nosa, ista publicación.

Dende logo podemos anunciar aos nosos lectores que foron postas as suas columnas a disposición dos escritores e artistas da nosa Terra e que eles, dando unha mostra mais de galegismo, xa mandaron varios traballos.

CAMIÑOS DE FERRO GALEGOS

O da Coruña - Carballo - Corcubión

Novamente vóltase a falare d' este vello proxecto de da camiño de ferro. O día 15 do pasado Febreiro houbo en Corcubión unha assemblea para intentar darlle un novo impulso á tan cobizada línea de comunicación que ha atravesar toda a comarca da rica terra de Bergantiños, «o graneiro de Galicia» como alguén chamoulle pol-a enorme cantidade de trigo que nela cultívase.

Falamos no derradeiro número de *A Nosa Terra* bon caris que presentan na actualidade estes problemas de comunicación neste arredado currunchito da península. As xentes preocupáanse xa d' eles, axúntanse e piden. Isto de que os galegos encomecen á se xuntar e mais a a pedir ten unha grande inportancia. Mais non abonda aínda eso; compre que tamén se traballe. O botar discursos mais ou menos froridos está moi ben, sobre todo cando eses discursos son para expoñer algo práctico, ou para xente se decate de que é mester recramar aquilo á que os pobos teñen dereito. Mais, repetimos, á palabra ten que unirse a acción se se quèr outer algún resultado.

Nos non cansaremos de repetir que a riqueza de Galicia non pode desenvolverse e aproveitarse entramentres non haxa os camiños de ferro precisos. E pol-o d' agora, Galicia é unha das mais abandonadas rexións da península no tocante á isto, noustante ser unha das que mais e mellor pagan ao Estado. Isto é o que hai que ter moi presente. Isto é o que debemos dicir de cote, para que todol-os galegos se decaten do que é mester facer para acadar o que a nosa Terra ten dereito a reclamar.

Castelao en "Galicia"

Desaparecidas as causas que obrigaron a suspendel-as, voltou novamente a publicar as acostumadas caricaturas diarias no gran xornal vigués «Galicia» o noso querido e admirado irmán Castelao.

«Galicia» que en pouco tempo couqueriu unha vida próspera, unha suscripción numerosísima e unha gran cantidade de lectores en toda Galicia pol-a sua ourentación, modernidade e presentación, detalles que o califican como o millor xornal galego, comprétase agora co-a reaparición dos traballos do xenial Castelao. Eses traballos nos que non se sabe que admirar mais se os debuxos ou os pes, ao noso xuício, é o derradeiro o mais formidabre e sobre todo o mais interesante do enorme caricaturista.

Este é o xuício que lle meresce a cantos preocupámonos de algo mais que do que salta á vista, Para Castelao non existen dificultades de ningún orde que lle impidan dicir o que quere con unha xusteza e precisión admirabres.

Felicítamos cordialmente 'a Castelao e a «Galicia» e felicitámonos nós tamén xa que novamente volveremos a admirar as admirabres producións do inmenso humorista.

LEA VOSTEDE E PROPAGUE

A NOSA TERRA

A FOUCE DO ABÓ

Tres veces-a añei: foi a primeira

Cando, ardendo a seara e mail-as mieres,

Segóu tantas cacholas de franceses.

Que non colleran en montós na eira.

Foi a segunda cando, prisioneira

A patria dos teocráticos intreses.

Esgazón tras mil loitas e riveses

Do poder ausoluto a ruín bandeira.

Pol-a vez derradeira afoa agora...

—¿E para qué, aboiño?—escrama o neto

Póndose diante d' él, coa faldra fora

—Para que segues tí—repuxo inquieto—

O froito qu' eu semei, e que xa cora—

Dixo, e sorriu, con risa d' esqueleto.

MANUEL CURROS ENRIQUEZ

ARISTAS

Hay cousas que mentras indignan aínda se pode aturar con elas. Despertan cicáis n-os dormidos aquel senso que os troca en persoas, si é que non foron máis que máquinas. Os que teñen o senso desperto nentúranlle o espírito e fortificanllos os azos. Cando as cousas dan noxo entón non é posible ningunha reacción equidistante; diante d' las impónse somentes a aitude—hixiénica e decorosa—do apartamento. Un xesto de desdén ten ás veces unha siñificación de esgrevia aristocracia.

Valle Inclán é bolchevista porque ve no trunfo do bolchevismo o goberno—a ditadura, se queredes—dos intelixentes. N-unha sociedade bolchevista, onde a cooperación de cada individuo determina a sua xerarquía e o seu poder as clases intelectuales terían a hexemonía, por consecuencia natural da selección. E os instrumentos da cultura e os medios da educación—no seu mais amplo senso—estarían ô socializarse, igualmente pretos d'uns e d'outros. A idea non é nova. Ten tantos anos como degoiros ten a Humanidade de dar un longo pulo de perfeccionamento. O predomiño dos capaces—a ditadura ilustrada de que falou Víctor Hugo—é o ideal de todol-os homes de emoción de responsabilidade e de todol-os pobos que conqweriron concencia do seu deber e do seu destino.

ROBERTO BLANCO TORRES

A TUNA DE SANTIAGO

Unha aición exemplar

Cando estivo na Cruña a Tuna de Santiago que saíu a percorrer varios pobos galegos fumos agradabemente sorprendidos pol-a visita do tesoureiro da Estudiantina D. Manuel González Rey quen, despois de nos falar do intrés con que os estudantes galegos de Compostela siguen a labor que a Irmandade da Fala da Cruña ven realizando pol-a literatura, idioma e sentimento galeguista, entregounos unha cantidade con que a Tuna quere contribuir para o sostimento e axuda da nosa obra.

Este feito constitúe certamente algo exemplar e novo. Nunca hasta agora fíxose nada semellante. Os rapaces que formaron a tuna d' este ano saben aparelar o desexo de se divertir, que foi o que animou sempre ás Tunas anteriores, co de facer algo de proveito para a terra onde nasceron. E nada millor atoparon para manifestar aquel seu nobre sentimento que axudar economicamente á invidade galega que máis dereita e intensamente preocupase e traballa pol-a exaltación de Galicia en todol-os ordes creando un sentimento galeguista na conciencia de todol-os galegos e facendo ao mesmo tempo unha labor que merece todol-os encomios e aprausos cal é a de ilustrar pedagóxicamente ás novas xeneracións galegas orfas de protección por parte de que téna obriga de facer a súa ilustración.

Este feito dos simpáticos e xenerosos tunos, dino de ser imitado, vén a dar novos azos e entusiasmos aos que, a forza de sacrificios e traballos, veñen realizando a tarefa de que falamos.

E demostración da grandeza da súa obra e de como ela atopa eco e aprauso en toda Galicia,

Mais que a cantidade entregada moi dina de agradecimento, vale a aición que alenta e amina a proseguir con entusiasmo cada vez maior a xenerosa obra.

Estamos no momento de recoller os froitos da labor que constantemente e impóndonos toda cras de sacrificios viñemos sementando durante os anos que levamos de existencia.

Este feito de que falamos e outros máis anuncian unha expendorosa alborada n-este rexurdir glorioso da nosa conciencia racial que camiña a pasos axigantados hacia unha consagración completa e definitiva.

Sirvan estas liñas para refrexar a nosa satisfacción, para consignar este feito exemplar dino de todo encomio e para manifestar aos patrióticos tunos o noso máis grande e cordial agradecimento pol-a súa aición xenerosa que nos chegou á alma animándonos a continuar a obra comenzada que para nosa satisfacción conta co seu aprauso como co d' unha gran parte dos galegos que se preocupan pol-o despertar e milloramento da Terra Nai.

O HIMNO GALEGO

Alguns diários de Galicia andan agora á voltas co noso Himno. Seique lles non gusta á algunos señores nen o que di a letra do inmortal Pondal nen a música do eminente Veiga.

E hai quen fala da Alborada, e quen d' algún himno que él compuxo con vistas á inmortalidade. Non falta tampouco quen invoque a opinión d' un inglés ou d' un ruso.

Parecenos todo eso ganas de perdel-o tempo ou de lles inflar o fol aos que pretenden de cote desprestixiar canto con Galicia ou o que lle é máis querido se relaciona.

O Himno Galego que se adouton, que se consagrou repetidas veces co respecto do pobo enteiro que o escoita en pe e descuberto sempre que se canta ou que algunha música o executa, non pode ser mudado. Os que pretendan rebaxalo ou desprestixialo, serán tachados de malos galegos.

Eso aparte de que o noso Himno ten unha música solemne e baruda, e unha letra que di d' abondo co carácter e a situación do pobo galego.

Non pretendemos defender o Himno que non precisa defensa. Dos nomes inmortaes axúntanse n-él o do Bardo Pondal, cantor dos pinos, que sinalou os destinos da nosa amada Terra e deu alento á mocidade amostrándolles un porvir refulxente e venturoso que ha ser gañada con amor, con traballos, con fé; e o do eminente Veiga, autor da Alborada.

Parécenos imposible que haxa espíritus tan cativos que pretendan borrar dos cerebros galegos as estrofas do Himno, ou arrincarlles do corazón as notas veneradas, cuio son abonda para que todo bon galego sinta a cobiza do progreso e grandeza para a súa Terra vislumada ante a lembranza dos versos coma n-un hourizonte louzano que amosa o glorioso resprandor d' unha aurora espresdente á que cada un pode contribuir co lumiar do seu entendimento ou coa fogueira do seu curazón.

E se non hai azós para traballar por Galicia, calar, agacharse no cubil mais non pretender que se abandone un Himno que é venerado por todos; adeprendido xa por nenos e homes, cantado por mulleres e rapazas, escoitado sempre con respecto e aínda executado públicamente por orquestas e bandas de música extranxeiras. Un Himno que é xa popular ¿quén ousará facelo esquecer ou trocar pol-o pobo?

Sómente quen queira facer mal á Galicia.

XAVIER FRAGA.

Verbas do noso patriarca

Moi poucos pobos como o galego souperon conservare á través dos tempos máis pura, máis constante, máis indeclinable a súa fisonomía. Non é posible o duvidar. Todo n-él é tradicional e está no costume mellor que na lei escrita; na literatura oral, que na erudita; na súa vida interna, que na histórica; no seu curazón e non nas manifestacións exteriores. Nada se esquece. Necesítase chegar á estes tempos de xeneral mudanza para notar que encomezamos á nos despojar pol-a propia man de canto constitúe a vida do país e dalle aspecto propio e acusado. Non podía certamente agardarse que fora máis rebelde ao cambio e máis resistente que a Bretaña francesa e mail-as provincias vascas. Mais aínda así se non leve á cabo con certa pasimonia e coma contra a vontade.

O sangue celta-suevo que circula pol-as suas veas, forte, potente; creadora, manifestase coas suas condicións propias en total-as esferas da arte, en total-as relacións da vida. Estas xentes, grandes amadoras d' un pasado do que non acertan á prescindire, prepáranse entre os temores e vacilacións d' unha iniciación á ocuparen o seu posto no concerto dos grandes pobos.

Non é tolo amor á Galicia e as suas xentes o que fai nos prever e asegurar que os seus novos destinos han ser tan brillantes coma desconocidos seus comezos. Nas artes plásticas, na poesía, na especulación, nas ciencias experimentaes, han poñer ben axiña os seus fillos algo das grandes facultades creadoras que os distinguen. Baixo este ceo cambéante e fermoso, as ciencias todas estenderán grandemente os seus dominios. D' estas soedades, sempre puras do sentimento e dos doces e misteriosos soños, teñen que ser a verdadeira expresión da musa moderna. Encomenzarán a seren contados de novo os fillos d' un país que se coída infecundo porque cala e soporta, e voltarán á encher as fileiras de que ao parecer teñen desertado.

Esto terán para Galicia os tempos e mudanzas actuaes, arringando á sua poboación da inacción en que vive e á dôr que a ten asoballada. Será á pouco que o intente, unha rexión diretriz. Tivo xa o seu Gólgota, tera tamén o seu Tabor, e dende el presentárase transfigurada aos ollos dos que a desconoceron ou negaron.

MANUEL MURGUÍA

Do prólogo da sua obra «Galicia»

LECTURAS

¿FOI EÇA DE QUEIRÓS UN PLAGIADOR?

Claudio Basto — Edición Maranus — Porto

Chega á nós este interesantísimo libro onde o ilustre presidente do Instituto Histórico do Minho, de Viana do Castelo, Sr. Claudio Basto fai uu acabado estudo dos supostos plaxios achacados ao inmortal novelista lusitano Eça de Queirós, botando por terra canto se ten dito, con mais mala fé; con mais envexa do griorioso escritor, do que razón ou xusticia houbo nunca n-eses ataques rai-vosos contra a adimirabel figura que enche por si soyo toda unha época da novela portuguesa, traspasando as fronteiras e dando á conocer pol-o mundo fora o valer da Literatura lusitana.

As comparanzas que presenta o Sr. Basto entre os trechos das obras aludidas pol-os que teñen acusado a Eça de plaxiador, e os trechos que se din plaxios, demostran que o tal plaxio non eisiste.

O Primo Basilio e Eugenie Grandet; O crime do Padre Amaro e La Faute de l'Abbe Mouret; O Misterio da Estrada de Cintra e Progreso e Orden; A Ilustre Casa Ramires e Castelo de Faria; O Mandarin e o Mandarin de Vitu e mail-as Les tributations d'un Chinois en Chine; A Reliquia e as Mémoires de Judas; A morte de Jesús e a Vie de Jesús, todo, n-unha verba está visto, estudado, comparado. Toda a obra de Eça e canto pode ter a mais infima somellanza ou coincidencia co' ela é analizada pol-o Sr. Claudio Basto no seu libro que ten un grande valor, se ben a maoría dos lectores das obras do inmortal Eça de Queirós conoedores das outras, nas que se supoñía ter espigado o ilustre prosador lusitano, non acreditábamos xa n-eses aproveitamentos de obras alleas que de cote consideramos innecesarios no autor de O crime do Padre Amaro.

Agradecemos o envío do libro e recomendamos á cantos se interesan por estas cousas que o lean co detenimento que merez.

Non veu dos duros éphoros,
 Non veu das duras armas,
 D' aquela formosura
 Dorica nomeada;
 A do garrido casco
 A da rica coraza,
 A de fulxente escudo,
 A das belas sandalias:
 Nai do duro Lisandro,
 De Clearco e Machánidas,
 Dos narvarcas Gyllippos
 E rudo Callicrátidas,
 Do bravo Agesiláo
 Do ardente teneláidas,
 Do xeneroso e intrépido Leónidas,
 E do brillante Brásidas,
 Non veu da sabia Athenas,
 Non veu das cultas aulas:
 Nin dos soberbios pórticos
 De metopas gallardas;
 Os das columnas xónicas,
 Belamente estriadas:
 Non veu do sabio fillo,
 De Phanerétes máxica,
 Non do docto Academo.
 De frescas enramadas:
 Non veu da ruda stoa,
 De rudas insinanzas.
 Nin dos hortos do brando Epicuro,
 O das doutrinas mólidas e prácidas.
 A lus veu dos pequenos,
 Veu das sixelas almas,
 Ven d' aquela pobriña
 E filla da montaña,
 De quen dixo Michéas
 Con ardente palabra:
 De tí, Bethlem escura,
 De tí, pequena Ephrata,
 Saldrá unha lus brillante,
 Saldrá unha estrela máxica,
 Q' alumeará do mundo
 As tenebrosas almas.
 ¡Ai dos grandes e esquivos da terra!
 ¡Ai das cegas grandezas humanas!

EDUARDO PONDAL

OS SALTIMBANQUIS

Parouse o carro á beira do río procurando o frescor da auga e a sôma do arboredo n-aquela sera de vran, abafante.

Lázaro desenganchou o faco, peludo, estrigoso, que amostraba a fraquidade da fame no lombo, marcadas coma en alto relevo as costelas; cheo de alifaces nos que as moscas e táboas bicaban acuciantes. Deitouse o animal, estricou o pescozo e antre resopridos bebéu hastra fartarse, logo, triscando á unha e outra banda púxose a roer as herbas que os seus belfos arrecadaban.

Pol-o piñeirral que subía monte arriba, rumoroso coma o mar tranquilo, Lelo apañou algunhas ponlas secas e un brazado de arume; levounas á pé do carro, axeitou dúas pedras á modo de cocíña, puxo no medio d'elas unha presa d'arume e algú carabullos e prendeu-lle lume ao tempo que chamaba por Rosa. Mergullou ela no río os pucheiros e púxoos enriba das pedras, no improvisado lar, para amañal-o xantar da tropa. Lázaro e mail-a hercúlea Coral buscaban na mentras canto precisaban para a función que no día seguinte habían celebrar na praza do pobo, despois de rotatada a feira.

Disposto todo, xantaron.

Safu Lázaro en procura d'algúen que ll'axudara no trafego de «armal-o circo» e que lle emprestara materiais pra facelo. Chamaba él «armal-o circo» á erguel-os mstros para os trapecios e poñer d'arredor unha ringleira de táboas a modo de sentadeiros para que o púbrico lles deixara libre o lugar onde traballaban.

Puxérase o sol. Ibanse escurecendo e fundindo n-un conxunto uniforme árbres, casas, montes; sômente ao lonxe brillaban algú puntíños lumiosos, coma vermes de luz, que sinalaban a aldea.

Lelo atou o faco. Púxolle diante un feixe d'herba e foise deitar á beira do regato, ao pé d'un fato d'ameneiros que incrinaban as ponlas por riba da auga mergullando n-ela algunhas follas; un pouco arredado do carro, no que penduraba un farol que alumeaba coa sua luz esmorecida á Coral e Rosa, atarefadas en revisar e dar algunhas puntadas nos ropaxes que luscirían na feira, e cuías sômas alongábanse coma medoñentos pantasma, misturándose coas outras sômas de árbores e chouzales.

Era un rapaz, Lelo, coasemente un neno. Tiña loiro o cabelo, fermosamente loiro, coma a dourada espiga do trigo maduro; os seus ollos azús gardaban no vago fitar, no ollar tristeiro, a saudade d'unha visión querida, d'un rosto de muller, e na escuridade da noite ollaba con insistente fitar, como si agardara ver, xurdindo das sômas, a que endexamais chegaba.

Estaba triste aquela noite, coma todol-os días, eoma sempre dende que a fatalidade sumou a sua vida ás outras vidas que pol-o mundo andaban errantes, en constante pelengrinción de sacrificio e dôr. As xornadas que iban pasando deixábanlle no curazón as acedumes do sofrimento. Moitas veces maxinaba esgazar coa morte o seu peito ategado coa dôr que enchía a sua alma, pero non chegou á atentar contra sí porque nas horas de anguria resprandecía no seu maxín aloucado a figura da muller amada, alentándoo con aloumiños de namorada.

Branco era o seu cutis, coma o leite; graciosa a boca, c'uns beizos bermellos feitos para bicar con ledos bicos querendosos. Brillábanlle intensamente os ollos, negros, moi negros, nos que irisábanse puntíños luscentes.

Viaa que se chegaba á él, donairoso, cinguidos cadrís pol-a abada que marcaba ondulantes liñas; tendíalle os brazos, e á carón do peito, no que encomenzaban á redondearse pubescentes grobos, acollía agarimosa a cabeza do rapaz e pouco á pouco, con doces verbas aloumiñantes íballe escorrentando os tristeiros pensamentos.

Soñaba. Eran soños os seus; eran quimerias que o seu maxín forxaba. Endexamais cavilara n-él Rosa. Pero estaba famento de cariño, e como a vía fermosa amábaa. Tamén a quería porque ela sofria como él; era partícipe nos mesmos sacrificios, nas mesmas dôres. ¡Cántas veces chorou Lelo, impodente para defendela das brutalidades de Lázaro! ¡Cántas maldixo á Coral, que, ciumenta da sua filla, nunca tivo para ela o agarimo da sua autoridade nin o da sua forza, pra que a xenreira xerminase pondente no curazón da rapaza e impedise así a satisfaição da fame luxuriosa que Lázaro tiña encrabada no duro curazón.

Lelo agardaba sempre. Tiña a espranza de que un día o sufrir de Rosa uniríao á él, e entramentres ese día acuciado non chegaba, o seu maxín traballaba nas horas de vagar do corpo, soñando ledicias e querereres que cicais non acadaría a ver realizadas.

Chegábase ao carro cando oíu no silencio da noite os soeces insultos de Lázaro, bebédo coma de cote, e acompañando con labazadas as suas noxentas verbas. Choraba Rosa, e os saloucos espetáronse coma coitelos afiados no peito de Lelo.

Corréu desesperado, cego, prantouse diante de Lázaro e d'un súpeto pulo arringoulle da man unha vara que tiña n-ela, coa que lle pegou un badascazo. Furioso él botouselle enriba. Espavorida Rosa berrou e tencionou en valuío agarrarlle os brazos.

Coral soparounos ao cabo, cando xa Lázaro íbase cansando de zoupar n-eles, e Lelo e Rosa sen folgos ofrecíallen deble resistencia.

II

Alborexaba cando novamente puxéronse en camiño. Outra vez o cabalo, caéndose para os lados, sostendo e sostido no seu canso camiñar pol-as cabezallas do carro, arrastrou o equipaxe da compañía, levado do cabezal por Lázaro que turraba d'él coina él da carreta. Por veces Lelo tiña que botar pol-as rodas para que non quedaran enteladas nas fondas rilleiras da corredeira ou n-algún tremesiño. Coral e Rosa iban atrás do carro, paseniñamente, seguíndoo na sua marcha vagarosa de vello, cangado pol-os anos e pol-os moitos traballos que o foran esgrouviando, do que somellaba queixarse co ranxer do eixo e o richinar dos ferraxes e táboas apodrecidas.

Detivéronse na praza onde os labregos encomenzaban á chegar co gando que traían ao mercado. Decontado o carro viuse arrodeado por un fato de nenos e rapaces, entre os que tamén algú que outro home e tres

ou catro mulleres ollaban con curiosidade o trafego dos comediantes, que despois da feira darían a función.

Un par de mozos axudaron á Lázaro e Lelo nos seus traballos. Cabaron; bateron mazos e martelos, e despois d'unha tarefa afervoada durante a que n-un constante bule bule non acougaron mais que pra botaren un groulo de viño nas gorkas enxoitas e pastosas, diante d'un fato de aldeás que os fitaban pasmados, ergueron os catro mastros que coroaban bandeiras destinxidas e esfarrapadas, e n-eles penduraban os trapecios, nos que a arriscada labor dos afeiroados tírriteros haberíalles de causar admiración inda mais fonda.

Romataron o traballo un pouco pasado o medio día, e d'aquela entraron na taberna que alí enfrente amostraba o seu ramallo de loureiro cravado no marco da porta. Xantando e bebendo na taberna estaban reunidos moitos feirantes; comentaban a festa que iban gozar pol-a tardiña, maxinando mil cousas raras e aventurando algúis que eles non tiñan incomente en facer todo aquilo que os comediantes fixeran, porque tiñan eles visto en tal ou cal pobo, quen, dicindo que comía unha espada, por pouco non morre cando quixéronlle facer comer unha navalla. E rían á gargallada co'estas e outras trapalladas:

Ao entrar os saltimbanquis todal-as testas viráronse cara á eles, e todal-as bocas celaron; porque se algún lembrara o conto da navalla, tamén outro contou que un comediante loitara el solo con cinco mozos dos mais fortes d'unha aldea, e venceunos á todos.

Despois de xantar deitouse Lelo á sôma do carro; pra descansar un instante na mentres o traballo non encomenzase, e impedir que se chegasen á él os nenos que curioséábano todo. Rosa foi cabo d'él; sentouse, e logo, en voz moi baixa; díxolle como estaba farta d'aquela vida de fame e fatigas na que, como se aquilo fose pouco, os constantes axexos e mail-os brutás castigos de Lázaro na sua bebedeira continua poñían un sufrir tormentoso, mortal. Tiña un proycito, pero ela sola non podería realizalo, e pedíalle axuda á él. que tamén sofía e coma ela libertárase.

Coidaba que na mentres Lázaro e mail-a sua muller durmían, durante a noite, era fácil cargar c'un saquiño d'algunhas cousas necesarias que ela mesma buscaría e axuntaría, e fuxir camiño adiante hastra atopar outro pobo. Buscarían e habían de alcontrar con seguranza algunha ocupación; ela estaba disposta á todo con tal de se librare d'aquel continuo martirio; pero sen él non quería irse porque tiña medo de andare sola pol-os camiños durante a noite. Despois soparáranse cando xa libres de Lázaro atopasen onde servir, algo que facer para ganalo pan.

Brincáballe á Lelo o curazón en tolos pulos cando Rosa falaba; pero comprendendo que ela non desexaba senon a sua propia libertade, servíndose d'él sômente coma d'un ouxeto preciso para abranguel-o seu fin; perdéu toda esperanza de días felices, sentíu que na gorka facíaselle un nó e que aos ollos asamábanlle bágoas. Marmulou algunhans palabras; deulle á comprender que cando quixera estaba disposto a seguila. Ergueuse ela satisfeita e él quedou fitándoa cos seus ollos azúes de tristeiro fitar.

A media tarde, de pé, lixeiramente incrinado diante do bombo no que bouraba coa destra na mentres que a es-

querda batía os platillos, Lázaro iba chamando á berros os labregos, que atraídos pol-a música íbanse chegando curiosos e pasmados.

Lelo sopraba no cornetín, e de cando en vez, entramentres descansaba para tomar alento, facía grotescos visaxes ás mozas, que celebrábanos a gargalladas. Coral, a hercúlea, a muller de ferro, gorda e cuadrada; apreixas suas carnes pol-as mallas do traxe que somellaba como se estalase, acompañaba con golpes de tambor: que non podía facer redobres cos seus brazos grosamente musculosos, feitos para erguer pesos enormes e derrubar un cuxo d'unha puñada, non para axitar con rápido tremer as baquetas.

E reunido o pobo, sen que vello nin mozo faltara na praza deu comenzo a función.

Deixou Coral o tambor e principiou os seus traballos que non chamaron tanto a atención coma o seu corpo enormemente craso. Mais olladas atrouxo Rosa, vestida con vermellas côres ao igual da frol do seu nome.

A sua vertixinosa axilidade nos brincos; as suas voltas á praza completamente enroscada causaron admiración aos aldeás, que endexamais maxinaron que así poidera trocarse en cóbrega unha criatura humana. Cobizosos fitábana os homes, ouservando como marcaban as apreixadas mallas a cilíndrica morbidez dos seus cadrís, os redondos grobos dos peitos, e envexosos cavilaban no que posuiría os encantos de aquela carne sedosa que feita un arco andaba rolando pol-o chan.

Ao cabo, na mentres as duas mulleres recorrían o campo presentando as aboladas bandexas de follas de lata onde algunhas moedas de cobre foron acubulándose, Lázaro e Lelo, empaquetados nos sucios traxes que se enrugaban en froxidade pol-as magras pernas, dispuxéronse á efectuar o seu arriscado traballo.

Utilizaron as cordas para subiren aos trapecios: cada un no seu, abálanse saudando o púbrico; baixan e suben os seus corpos á compás, sostidos pol-a forza dos seus brazos. De súpeto Lelo céibase, escorre o seu corpo como se caese e as mozas espavoridas berran; pero as fracas pernas están enroladas pol-as cordas do trapecio. Así queda, pendurando cabeza abaixo, os brazos tendidos hacia o chan. Lázaro poñendo os pés á rente das mans agarradas no ferro do trapecio dá rápidamente unhas voltas, céibase e lánzase no ar para se agarrar ás mans que Lelo lle presenta; pero os pés d'este sóltanse e os dous corpos caen sobre das pedras da praza.

Deitados quedan no chan. Espavoridas as mulleres berran; corren os homes, e vendo que Lázaro ten a testa completamente desfeita, déixano para auxiliar á Lelo. Partiuse un brazo o rapaz e da sua cabeza escuan tamén unhas fíos de sangue. Os seus beizos amoratados chaman por Rosa, esmorecidamente, movéndose com moito traballo.

Chégase ela, axiónsalle á carón d'él e as bágoas resbálanlle dos ollos.

Quedamente, tan quedamente que ela coida mais ben ouvir a misteriosa voz da sua conciencia. Lelo fállalle ao ouvido:

—“Non chores, xa non che pegará mais”.

FESTAS GALEGAS

QUEXUMES DOS PINOS

Esta agrupación de Lavadores (Vigo) que tanto ven traballando pol-o arte rexional, celebrou o sábado 14 do pasado unha festa galega que foi, un grande éxito para a coletividade. Tanto gustou o festival que houbo necesidade de o repetir o domingo, a petición dos moitos socios e admiradores da notabre agrupación, conquerindo un novo trunfo que foi premiado con ruidentes aprausos.

A seición de declamación estrenou o drama n-un acto *Almas en Pena*, orixinal de Leandro Carré, que foi moi ben interpretada pol-as señoritas Elisa Garrido e Primitiva Bastos, e os Sres. Vázquez, Mella, Quintela e Fernández, que souperon dar aos seus respectivos papés toda a realidade da vida, e toda a emoción que require o drama, colleitando moitos aprausos.

Tamén tivo unha excelente interpretación o gracioso pasatempo *Tolerías*, do mesmo autor, no que Anxel Fernández fixo unha xerdadeiro creación do galego, merecendo a obra o aprauso unánime e entusiasta do público.

E se na parte teatral o trunfo foi grande, non o outivo menor o coro nos cantos populares, que canta con gran afinación e gusto, así como na interpretación da melodiosa e enxebre Alborada de Rosalía, Os teus ollos, de Chané, e mail-a Alborada do inmortal Veiga.

A parexa de baile Conchiña Pose e Xavier Rodríguez, enormes nos rítmicos compases da muñeira que executou o popular gaiteiro Constante Moreda.

Por romate representouse o pasatempo de Charlón e Hermida *O Menciñeiro*, no que Ricardo Fernández tivo en constante risadas ao público.

E despois de novos cantos pol-o coro, O Himno Galego, que foi escoitado en pe, puxo fin á tan fermosa velada.

Aos aprausos recibidos pol-a coletividade Quxexumes dos Pinos, unimos o noso, e felicitamos tamén á directiva da agrupación da que é presidente D. Xosé Caride, pol-a organización de fefas tan cultas e enxebres.

A lápida para o moimento a Guimerá

Como verían os nosos lectores, pol-a prensa galega, a ideio de Villar Ponte de colocar no moimento a Guimerá unha placa en nome de Galicia abriuse camiño e en todol-os pobos galegos véñense facendo suscricións que hasta agora van moi bien e fan concebir a agradabre esperanza de que ao fin Galicia demostrará á irma Cataluña a súa eterna gratitude pol-os agasallos e bos tratos que d' ela sempre recibe.

Folguémonos todos d' esto que nos honra e contribuíamos todos tamén para que a cousa siga tan ben como comenzou e a lápida sexa algo dino do moimento e da representación que ten para nós os galegos.


A Irmandade da Fala da Cruña enviou ao diario «Galicia» de Vigo 124,50 pesetas importe do recaudado por ela á que contribuíron os seguintes señores:

Irmandade da Fala, 25 pesetas. Federico Rodríguez Chás, 2'50. Bernardino Varela, 2'00. Víctor Casas, 5'00.

Leandro Carré, 5'00. Elvira Bao de Varela, 2'00. Benito Rodríguez, 2'00. Moisés Leira, 1'00. Arturo Taracido, 2'00. Ramón Díaz Meirás, 1'00. Francisco M. Balboa, 10'00. Federico Zamora, 5'00. Alfredo Somoza, 5'00. Luis Somoza, 2'00. Benito Ferreiro, 2'00. Dominga do Campo de Varela, 1'00. Elvira Varela, 1'00. María Varela de López, 1'00. Xerardo Faraldo, 2'00. María Deus de Faraldo, 1'00. Manuel Lúgrís Freire, 5'00. Concepción González de Lúgrís, 2'00. Socorro Lúgrís Orta, 1'00. Pilar Lúgrís González, 1'00. Pura Lúgrís González, 1'00. Manuel Lúgrís González, 0'50. Luis Carré, 0'50. Francisco Abelaira, 2'00. Dolores de Castro de Abelaira, 1'00. Francisco Abelaira Castro, 1'00. Dolores Abelaira Castro, 1'00. Fernando Blanco, 5'00. Antón Martínez, 2'00. Xosé Crecente Costa, 5'00. Xulio Pita, 5'00. Manuel Lemus, 1'00. Ramón Lago, 2'00. Manuel Acea, 1'00. Gumersindo Pereira, 5'00. Carlos Monasterio, 5'00.

Total pesetas 124'50.

NOS É IMPOSIBRE PUBZICAR N' ESTE NÚMERO UN ARTIGO TITULADO «O TEMPO» DO NOSO IRMAN VICTOR CASAS



AXIÑA
Reanudarase a publicación de
L A R
novela quincenal galega
coa fermosa obra orixinal e inédita
de doña Francisca Herrera
titulada
Martes d' Antroido
**Se non se suscribiu ainda non
deixe de o facer, interésalle**
Administración Real, 36 - 1.º
A CRUÑA

TRISTES RECORDOS

Unha tarde aló en Castilla
brilaba o sol cal decofe
n-aqueles desertos brila.

Craro, ardoroso e insolente,
con perdón d' él pois n' é modo
aquele de queima-la xente.

E secar con tales bríos
a probe inxeliña pranta,
a fonte, os sedentos ríos.

Unha tarde, iou que tristeza
m' acomefeu fan traidora,
véndome en tal asperza!

¡A donde vin a parar!
pensaba mirando o ceo
para á terra non mirar.

Porque o ceo era, eso sí,
un mais ou menos azul,
como o que temos aquí.

Mentras que a terra ibon Dios!..
Señor, ¿posibre será
que aquela a fixeses vós?

Mais porque estrañarme tal
si as cousas que vós facés
xamais as facedes mai?

Fixestes fan tristes llanos,
mais fixécheos, Dios cremente,
soio para os castellanos.

¡Ay! cada pomba ao seu niño,
cada conexo á seu tobo,
cada alma a seu cariño.

Aquesto eu repetía
n' aquela tarde, recordo
de negra melancolía.

E namentras comtemplaba
da igual, extensa llanura
a terra que branqueaba.

Do largo pinar cansado
a negra mancha sin término
do pueblo o color queimado.

E antr' o chan e o firmamento
as nubes de denso polvo
qu' iba levantando o vento.

Do deserto fiel imaxe,
c' o mesmo alento de brasa,
co mesmo ardente coraxe!

Ao lonxe o mular pasaba,
viña a tourada mais preto,
a ovella enferma balaba.

E no xa queimado espíño
fuxindo do sol ardente
puosábase o paxariño.

¡Dios mío, que ansia cativa!
pesaba en min a tristeza
cal se m' enterrasen viva.

Lembranzas da terra hermosa,
calmá coa vosa frescura
as penas d' alma chorosa.

Por qu' ese sedento río
envolto en malinas brétemas,
dá calentura, da trió.

De pronto oín un cantar,
cantar que me conmoveu
hasta facerme acorar.

Era a gallega canción,
era o alalá!.. que fixo
bater o meu corazón,

Con un estraño bater
doce, com' o ben amar,
fero, com' o padecer.

De polvo e sudor cubertos
coa fouce ao lombo, corrian
por aquêos campos desertos.

Un fato de segadores...
¡E eran eles, eran eles,
os meigos dos cantadores!

¡Adiós pinares queimados!
Adiós, abrasadas terras
e cómaros desolados!

Pechei os ollos e vin...
vin fontes, prados e veigas
tendidos ao pé de min.

Mais cand' a abrilos tornei,
morrendo de soidades,
toda a chorar me matei.

E non parei de chorar
nunca hasta que de Castela
ouvéronme de levar.

Leváronme para n' ela
non me teren que enterrar.

ROSALÍA CASTRO

C O N T O

Un día, un meu amigo estaba faguendo unha relación do meu *Cabaleiro dos Años*. A filla do vello estaba sentada a caron d' il, e, cand' a parola chegou a tratar do amor e dé atorellar, ela dixo: «Ou meu pai, cóntell' o seu asunto d' amor». O vello tirou a pipa do bico e dixo: «Ninguén casa endexamais coa muller a quen quer», e logo engadeu. «Había o menos quince qu' eu amaba mais qu' a muller con quen casei» e citou os nomes d' algunhas mulleres. Púxose logo a contar coma de novo, traballaba prô seu abó, o pai da sua nai e chamábanlle (esquecera o porqué) pol-o nome do seu abó, que diremos nós, era Dorán. Tiña un gran amigo que nós chamaremos Xan Byrne; e un día, il e mais o seu amigo foron a Queenstown agardar un barco d' emigrantes que debía levar a Xan Byrne pr' América. Com' iles andaban de paseo ô longo do peirao viron unha rapaza sentada que choraba miserabrementes, e dous homes que rifaban de pe diante d' ela. Dixo Dorán: «Paréceme que seí o que é. Iste home ha sel-o irman, y-aquél o seu mozo, y-o irman manda a rapaza pr' América pra que vaia lonxe do mozo. Como chora! Mais penso qu' eu ben a poidera consolar» Un instante despois, o mozo e mais o irman marcharon, e Dorán púxos' a pasear por diante da rapaza d' arriba pra baixo, dicindo: «O tempo está ben bó, Señorita» y-outras cousas así. O cabo d' un pedazo, ela respondeu e puxéronse todos tres a falaren. O barco d' emigrantes non chegou por unhos días, y-os tres sairon d' excursión pol-os arredores, na vaea dos coches, d' un xeito moi inocente e moi ledo, e indo a ver todo o qu' había que ver. Cando ô cabo chegou o barco, e Dorán lle dixo qu' il non iba pr' América, ela chorou mais por il que non polo seu mozo pirmeiro. Dorán díxolle pol-o baixo a Byrne, cando subiu abordo: «Di logo, Byrne, eu non ch' a nego, sômentes, non vos casedes moi novos.»

Cando a estoria chegou eiquí, a filla do vello dixo con aire de bulra: «Eu supoño que vostede diría iso pol-o ben de Byrne, meu pai». O vello afirmou qu' o dixera pol-o ben de Byrne; e seguín contando coma, cando chegou a carta que ll' anunciaba as bodas de Byrne, xa il lle tiña escrito dándoll' o mesmo consello. Pasaron os anos, e non soupo mais nada, y-aínda que xa estaba casado, non podía por menos de se perguntar o qu' ela faría. O cabo marchou pr' América, y-aínda que s' informou de moita xente, non pudo saber nada. Pasarón aínda anos, a sua muller morreu, e xa con anos d' abondo, chegara a ser un rico granxeiro que só tiña unhos poucos asuntos importantes antre mans. Colleu un vago pretesto pra volver pr' América, e volver principal-os inquéritos. Un día, no tren, pegou conversa c' un Irlandés e perguntoulle com' il tiña costume, novas en col dos emigrantes de tal sitio e de tal outo y-ô fin: El non ouviu vosté falar da filla do muíneiro d' Innis Rath? e nomeou â muller que buscaba. «Oin, dixo o outro, está casada c' un amigo meu, Xan Mac Ewing. Vive na rúa tal en Chicago». Dorán foi a Chicago e chamou â sua porta. Abriu ela mesma e non «cambeara nin fan siquera nada». Il díxolle o seu verdadeiro nome, qu' il volvera tomar ô morrer o seu abó y-o do home qu' atopara no tren. Ela non o recoñeceu, mais pediulle que quedara a xantar, decíndolle qu' o seu home alegrárase de ver a un que coñecía ô seu vello amigo. Falaron de moitas cousas, mais apesar de tanta conversa, eu non sei porque, e se cadra il nono sabía tampouco, non lle dixo quen era.

Namentras xantaban, perguntoulle por Byrne, y-ela pousou a testa na mesa e púxose a chorar, e chorou talmementes, qu' il se temía qu' o seu home non rematará por se pôr incomodado. Non s' estreveu a perguntarlle que fora de Byrne e marchou pra non volver a vela.

Cando o vello rematou o conto, dixo: «Cóntelle esto a M. Yeats, e se cadra fará co-elo un poema. «Mail-a filla escramou: «Aí non meu pai. Niguen podería faguer un poema, en col d' unha muller coma esa.» Veleiquil eu non fixen endexamais o poema, cecais porqu' ô meu curazón, qu' amou a Helene e total-as mulleres sonadas do mundo, doerialle d' abondo. Hai cousas en col das que é bó non matinar moito, cousas pra que as verbas ispidas son o que mais convén

W. B. YEATS.

1902 (Excepto de «O Crepúsculo Céltigo»).

Os nazonalistas bretós visitan aos nazonalistas flamencos.

Unha representazón da mocidade nazonalista da Bretaña (Francia), visitou en viaxe de propaganda ás ligas d' estudantes flamencos (Bélxica),

Nas reunións celebradas en diversas vilas flamencas, os nazonalistas bretós combatiron o afrancesamento do seu país e o centralismo parisién que priva o recobramento nacional. Os estudantes flamencos recibiron aos nazonalistas bretós cantando o seu himno nacional. Vitoreouse a Flandes libre e a Bretaña autónoma. Os nazonalistas flamencos prometeron unha próisima visita á Bretaña e ás asociaciós nazonalistas d' esta rexión francesa.

DA VELLA ROSEIRA

ACABA DE APARESCER ESTE LIBRIÑO

:-:- DE VERSOS DO NOTABRE :-:-

POETA GALEGO

VICTORIANO TAIBO

VÉNDESE N' ESTA ADEMINISTRACIÓN

AO PRECIO DE 0'50 PTAS.

NON DEIXE DE O MERCAR

LIBREDON

Conceición sinxela do ceo

CORREA CALDERON

E o segundo número da interesante e notabre publicación que se edita en Compostela. O éxitoconquerido na sua saída afirmase definitivamente n-este segundo número que recibimos con grande satisfacción pois o retraso con que saíu nos fixo temer que deixara de se publicar. Fondamento celebramos non fose así.

«Conceición sinxela do ceo» é unha novela sinxela amena, d' un corte fino á par que moderno cuia lectura é sumamente agradable. Correa Calderón conquire un novo e grande éxito n-esta obra e afirmase na sua condición de escritor de gran porvir. Sômentes discrepamos na ortografía que emprega que nos parece arbitraria e caprichosa ao mesmo tempo que perxudicial para él e para a unificación do noso idioma.

Decimos para él porque aos lectores en galego débeselles dar facilidade na comprensión do escrito xá que desgraciadamente a tarefa de conquistar lectores de obras galegas é labor que vai paseniamente e réstalle esta forma de escribir facilidade e atraición, pois non, todos están debidamente preparados para comprender certas formas e xiros que Correa Ca deron emprega.

No tocantes ao idioma por que coidamos que debese

tender á sua unificación agora que xa temos conquerido unha gran produción e xa é hora de ir pensando seriamente no asunto deixando aparte caprichos e mereciós puramente personás. O noso idioma ganhará con elo.

«Libredón», que anuncia para números sucesivos intre-santes orivinas, debe ser profusamente leido pois trátase d' unha publicación que nos honra e á que é preciso axudar e alentar.

BANCO PASTOR

Casa fundada en 1776

Capital suscripto Ptas. 17.000.000

Capital desembolsado „ 8.500.000

A Cruña, Vigo, Lugo, Orense, Ferrol, Vivero,
Sarria, Monforte

1.º de Enero

Imprenta MEORT. Marina, 28 - A CRUÑA

Páxina 42

Liña 11. — Outra región *ousara*, o rostro nobre.„ 20. — D' *alta e fera debesa*.

Pax. 49

Liña 1. — *Garrida* paroleira.„ 3. — *Amabre vagamunda*.

„ 6. — Triste pr' antiga mágoa:

Pax. 57

Liña 1. — Cando as doces *vagamundas*, (1)„ 12. — A *dura* terra de Xallas:

Pax. 59

Liña 2. — A *esplendorosa*.„ bis. — *Que eu ser roubada*.„ bis. — *De cote soña*, (2)„ 3. — *De ser collida*.„ 4. — *Ten á sua hora*.„ 5. — *Cand' ind' a tímida*.„ 6. — *Testa n' asoma*;„ 7. — *Toda escondida*„ 9. — *Non di palabra*.„ 10. — *Fala nin toa*.

Pax. 60

Liña 7. — *Ja lle tirano*.

(1) Pondal o substituir a verba concreta *anduriñas* pol-a de *vagamundas* como mais adiante fará con *rosa* que trocará pol-a de *esplendorosa* segue o vietro de abstrazón que fai que a sua produción apareza como afumida n-unha felis vaguedade de neboeiro que volta imprecisos os ouxetos.

(2) Estrofas intercaladas istas duas.

ron (1) e a Boileau (2) a todos no seu idioma. Dos crásicos castelans o parecer sômentes tiña conecementos do mais indispensabre pra compor o seu poema «Os Eoas» como o libro de Xines Pérez de Hita da Conquista de Granada. Conocia perfectamente a literatura portuxesa e á historia nos nosos irmans pol-as obras completas do Teófilo Braga e indudavelmente aquela *Walsa* de Casimiro Abreu garimosamente copiada da sua man inspiroulle aquela poesía de:

Ibas gozando no meu tormento.
Ibas fuxindo,
Por medo a min;
Levouch' a faldra curioso o vento...
Vállam' os ceos,
Ay o q' eu vin! (3)

Pondal tiña proyectados dous poemas ademais de «Os Eoas» que se chamarían «Os Barçerker» (Os Normandos) do que parece deben existir algunhas estrofas e «Os Oceanidas».

As ditas leituras fixeron da obra de Pondal a obra de un crásico apreixoada en versos de un devanceiro do noso tempo. «Os Eoas» son crásicos na forma e no

(1) Na devandita coleición de Profesores e sabios.— Paris.— Hachette.—1886.

(2) Evres de Boileau nouvelle édition conforme au teste donné por M. Berryat—Saint Prix augmentée dos écrits avec une notice de de Sainte-Beuve et une estude sur la querelle de Boileau avec Charles Peirault par M. Ch. Gidel laureat de l' Academie Française et de l' Academie des inscriptions et Belles Lettres, Paris.— Garnier Freres. Libraires-éditeurs—6— Rue des Saints Peres. (S. A.)

(3) Vou dar eiqui da *Walsa* de Casimiro Abreu de grande viveza e movemento: Tu hontem — Na dança — Que cança — Voabas — Co' as faces — Eu rosas — Fermosas — De vivo — Lascivo — Carmin — Na *Walsa* — Tao falsa — Corrias — Fugas — Ardente — Contento — Tranquila — Serena — Sem pena — De min! — Quem dera — Que sintas — As dores — Dé amores — Que louco — Sentil — Quen dera — Que sintas — Nao negués — Nao mintas... — Eu vi... — *Walsabas* — Teus bellos — Cabellos — Ja soltos — Revoltos — Saltavao — Voavao — Brincavao — No colo — Que é meu — E os olhos — Escuros — Tao puros — Os olhos — Perjuros — Volvias — Tremias — Sorrias — Pra outro — Nao eu! — Quem dera — Que sintas — As dores — Que louco — Sofril — Quem dera — Que sintas — Nao negués — Nao mintas... — Eu vi..!

ALONSO & ECHEVARRIA

Artículos para Automóviles

==== A C R U Ñ A ====

GARAXES: Betanzos, 3 — Rosalía Castro, 1 - 3 - 4 — Xoan Flórez, 55 - 57

OFICINAS: Praza de Lugo, 5 - 6 - 7

AUTOMÓVILES: MINERVA, HUDSON, ESSEX, BIGNAN, PACHARD e CITROËN

GASOLINA: Grasas, Aceites, Valvolinas, das milliores marcas.

Stoks de Neumáticos, Bandaxes macizos GOOD - YEAR, DUNLOP, UNITED STATES

Dirección telegráfica e telefónica "AUTO ALONSO"

fundo. Darei aquí a estrofa inicial, a final e o vaticinio do vapor feito por Thetis tal como as olle nos seus papés; quezáis fiquen unidades no orixinal da Academia:

Musa, dí de Colombo os groriosos.
Feitos dignos do canto; e como o forte
Ao vento dando os liños venturosos,
Non dou tributo á común ley da morte:
E ditamén, oh Diosa, dos famosos
A quen cou él lanzou a grande sorte;
E como atravesando o mar ingente
Arribaron a ignoto conf'nente.

.....
Tempo virá en que o hábito violento
Da boca do arcángel xa exhalado,
Evaporando o líquido elemento
En férrea e estreita cárcel encerrado,
Empeleará o amado bastimento
De fea e espesa nube rodeado;
E o Océano que constante soa
Escumará ca cortadora proa

.....
Así venceron as audaces proas;
E ao caro niño e grande eido hispano,
Tornaron os fortísimos Eóas
Vencedores do férvido Océano:
Tal que os seus nomes e memorias boas
Fatigarán o longo o tempo insano;
E así os duros, mais que ferro forte
Se librarán da ley de escura morte.

Pondal era pois, como quer a Pardo Bazán, o «mais instruído dos Poetas galegos» do seu tempo (1) e poucos do seu tempo souperon como il libertarse da escravitú da rima co a que Zorrilla xogaba con arte desoncias subordinado a ela i-estordegando o pensamento.

Ca nota de duplicado en lápiz bermello na cuberta e a signatura P (ondal) 132 topamos na Biblioteca da

(1) Ob. cit. pax 84.

Sociedade Económica de Santiago un eixemprar dos «Queixumes dos Pinos» que ten pra nós un outo intrés. Ninguén iñora o desacougo poético de Pondal. Na correizón das suas poesias era un home inqueda por demáis. A cada edizón, nova correizón.

Así este exemprar da Económica tén correizón marxinaes da propia man do Bardo que terán de ser tomadas en conta pra o caso de unha reaparizón. Ben o faria Pondal se vivise. Imos a anotallas pra rematar estes apuntes que non teñen xeito de outra cousa senón de un anecadamento de materiaes pra outear a xénesis espritual dos nosos Precursores.

Correizóns a facer nos "Queixumes dos Pinos" (1)

Páxina 18

Liña 25. — Per eso *ao propio barro*.
" 26. — *Son propio torcedor*.

Pax. 19

Liña 1. — *Morrer en leito móldo*.
" 2. — *Entre garridas brondas*.
" 4. — *Q' o pasado recordan*.
" 12. — *Froxamente e sin gloria*.

Pax. 24

Liña 8. — *Os está vendo branquear*.
" 9. — *E escrama, como quen vence*,
" 10. — *Con entusiasmo:—¡Ca!*
" 11. — *Son mais brancos os doces peitetes*,
" 12. — *D' Ousinde nova e lanzal!* (2)

(1) Damos as correizóns co a indicazón da pax. dos «Queixumes» e da liña na edizón única de Martínez Salazar — Coruña — 1886.

(2) Chamo a atenzón sobre este fermosísimo engadido que compra ta a poesía da pax. 24.